

Et lux in tenebris lucet (E a luz loce nas tebras)

Brais Costas Fragueiro

Abriu o día, mais aínda quedaba algún grilo chifrando entre a herba mollada polas bágoas do resío. As raiolas do Sol xa estaban chamando por min para me erguer. Levanteime decontado da cama. Aseeime con auga fría para reactivar o corpo, puxen o traxe dos domingos e botei un pouquiño da colonia do avó. Sempre me gustou pór esa fragancia os días importantes. E hoxe era o día. Mamá, dende que falecera papá, gardaba nun cacharriño de Cola-Cao os cartos que conseguía de vender os becerros e os cabritos. Con eles, poderíamos ir nun cruceiro por Atenas, Marsella, Malta ou Alexandría. «O mar Mediterráneo é o berce da cultura occidental», dixéranos o noso mestre, o padre Fiz. Fun ao cuarto do avó Campio e abraceino moi forte. El, prostrado na cama, díxome devagar: «Ata sempre, meu rei». Botei a chorar, porque a súa enfermidade lle estaba

levando todo o seu xuízo. Deseguido, a avoa comezou a bicarme toda a cara e meteume unhas herbiñas brancas no peto. Acompañoume ata a porta, onde xa estaban mamá e o cocheiro. Despois de despedirme dos veciños, emprendemos unha longa viaxe de dous días ata o porto. Alí estaba o padriño cunha maleta vella e encofrada, ao lado da lancha que nos levaría ao cruceiro. Aledoume moito saber que el viña tamén. Mamá díxome que subise rápido co padriño. Gardeille un sitio para ela porque había moita xente. A barca arrancou sen mamá. Berrei por ela ata que o padriño me dixo onde íamos realmente. Colleume no colo e aloumiñoume ata que quedei durmido. Espertei ao oír uns berros arrepiantes. A auga ía entrando na barca ata que a devorou por completo, ao igual que ao corpo do padriño. E, no medio da escuridade, apareceu unha luz